



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Enfermaría da Saúde Mental	Código	750G01015	
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Varela Feal, Nuria Esther	Correo electrónico	nuria.varela.feal@udc.es	
Profesorado	Varela Feal, Nuria Esther	Correo electrónico	nuria.varela.feal@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	<p>Preténdese capacitar o futuro profesional de enfermaría para que, ao empregar os coñecementos adquiridos, poida observar, identificar e dar resposta ás necesidades emocionais do individuo, da familia e da comunidade, tratando de pór ao seu alcance os instrumentos necesarios que posibiliten o manexo ante as situacións determinadas, para así poder valorar os problemas de enfermaría e planificar os cuidados encamiñados a responder ás necesidades, as condutas e os sentimentos do paciente, integrando plenamente a atención na saúde mental.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A59	Coñecer os problemas de saúde mental máis relevantes nas diferentes etapas do ciclo vital, proporcionando cuidados integrais e eficaces, no ámbito da enfermaría.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Describir os principais problemas de Saúde Mental.	A59	B3 B4 B8 B15 B16 B24	C7 C8 C11
Identificar as necesidades de coidado das persoas con problemas de Saúde Mental.	A59	B2 B3 B4 B5 B7 B8 B16 B24	C3 C6 C12
Planificar coidados de Enfermaría para as persoas con problemas de Saúde Mental.	A59	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B15 B16 B24	C3 C6 C10

Contidos	
Temas	Subtemas
UNIDADE DIDACTICA I: INTRODUCCIÓN Á ENFERMARÍA PSIQUIATRICA E DE SAÚDE MENTAL	<p>TEMA 1.- Introducción á enfermaría psiquiátrica.</p> <p>1.1 Concepto de saúde mental</p> <p>1.2 Historia da psiquiatría e da enfermaría psiquiátrica</p> <p>1.3 Definición de enfermaría en saúde mental.</p> <p>TEMA 2.- Rol da enfermeira na saúde mental</p> <p>2.1 Función social da enfermaría na saúde mental</p> <p>2.2 Achegas terapéuticas da enfermaría ao equipo interprofesional.</p>



UNIDADE DIDACTICA II: PROCESOS
PSICOPATOLOXICOS

TEMA 3.- Bases conceptuais da psicopatoloxía clasificación dos diagnósticos.

3.1 Enfermidade psiquiátrica e trastorno en psiquiatría 3.2 Bases biolóxicas, psicolóxicas e sociais da psiquiatría 3.3 Principais alteracións dos procesos psicolóxicos

3.4 Sistemas de clasificación dos diagnósticos.

TEMA 4.- Trastornos psicóticos.

4.1 Concepto.

4.2 Manifestacións.

4.3 Intervencións.

TEMA 5.- Trastornos do estado de ánimo.

5.1 Concepto.

5.2 Manifestacións.

5.3 Intervencións.

TEMA 6.- Trastornos por ansiedade.

6.1 Concepto.

6.2 Manifestacións.

6.3 Intervencións.

TEMA 7.- Trastornos somatomorfos e dissociativos.

7.1 Concepto

7.2 Manifestacións

7.3 Intervencións.

TEMA 8.- Trastornos da conduta alimentaría.

8.1 Concepto

8.2 Manifestacións

8.3 Intervencións.

TEMA 9.- Trastornos da personalidade.

9.1 Concepto

9.2 Manifestacións

9.3 Intervencións.

TEMA 10.- Trastornos relacionados con substancias psicoactivas.

10.1 Concepto

10.2 Clasificación das drogas

10.3 Manifestacións

10.4 Intervencións.

TEMA 11.- Delirium e demencia.

11.1 Concepto.

11.2 Manifestacións clínicas.

11.3 Intervencións.

TEMA 12.- Trastornos do inicio na infancia, nenez e adolescencia.

12.1 Concepto

12.2 Manifestacións



12.3 Intervencións.

TEMA 13.- Trastornos do soño.

13.1 Concepto

13.2 Manifestacións

13.3 Intervencións.



<p>UNIDADE DIDACTICA III: ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.</p>	<p>TEMA 14.- Técnicas grupais en saúde mental: 14.1 Grupos terapéuticos. 14.2 Grupos de discusión multifamiliar.</p> <p>TEMA 15.- Intervención familiar.</p> <p>TEMA 16.- Estrategias farmacolóxicas: 16.1 Valoración de efectos secundarios dos psicofármacos. 16.2 Tipos de programas de administración de psicofármacos.</p> <p>TEMA 17.- Técnicas de intervención en situacións de urxencia psiquiátrica: 17-1 Concepto de urxencia psiquiátrica. 17.2 Protocolos de intervención.</p> <p>TEMA 18.- Estratexias de intervención en situacións de duelo: 18.1 Concepto de duelo. 18.2 Tipos de duelos. 18.3 Proceso de acompañamento.</p>
--	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	A59 B2 B3 B4 B8 C6 C11	6	20	26
Estudo de casos	A59 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B16 B24 C3 C6 C10	3	6	9
Aprendizaxe colaborativa	A59 B2 B3 B5 B6 B15 B16 B24 C12 C3	18	58	76
Sesión maxistral	A59 B3 B4 B8 B16 C7 C8	15	20	35
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	Exame tipo test. A proba será elaborada co fin de valorar o nivel de coñecementos teóricos do estudante.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.



<p>Aprendizaxe colaborativa</p>	<p>Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e comunicación.</p> <p>A metodoloxía utilizada nesta materia basearase na Aprendizaxe Baseada en Problemas (ABP). É un método didáctico que permite ao alumno adquirir coñecementos, habilidades e actitudes, para ser capaz de identificar, analizar e resolver problemas de saúde de maneira eficaz, eficiente e humana (Bridges, 1991; Branda, 1990)</p> <p>No ABP un grupo pequeno de alumnos reúnese, coa facilitación de titor, para analizar e resolver un problema (escenario) seleccionado ou deseñado especialmente para o logro de certos obxectivos de aprendizaxe.</p> <p>O estudante integrado, obrigatoriamente dentro dun grupo pequeno, traballará conxuntamente na resolución das tarefas asignadas polo profesor para optimizar a súa aprendizaxe e o do resto dos membros do grupo. Trabállase polo menos 5 escenarios e/ou casos.</p> <p>O desenvolvemento de cada escenario farase durante as horas de seminario e en cada grupo nas horas de traballo autónomo.</p> <p>Os grupos comporanse o primeiro día de clase da materia. Os resultados dos escenarios entregaranse a través da plataforma Moodle.</p>
<p>Sesión maxistral</p>	<p>Os contidos teóricos básicos da materia serán impartidos mediante lección maxistral, pero cun enfoque participativo por parte do estudante. Baseada na exposición oral complementada co uso de audiovisuais e introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Estudo de casos Aprendizaxe colaborativa</p>	<p>A atención personalizada vai dirixida principalmente a tutorizar aos alumnos, guiandolos a través da aprendizaxe. Isto permite facer un seguimento do proceso de maduración das competencias.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
<p>Proba obxectiva</p>	<p>A59 B2 B3 B4 B8 C6 C11</p>	<p>Exame tipo test, cunha única resposta correcta. É obrigatoria e supón un 70% (7 puntos) da nota total.</p>	<p>70</p>
<p>Estudo de casos</p>	<p>A59 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B16 B24 C3 C6 C10</p>	<p>Valorarase o problema exposto e as conclusións establecidas, a reflexión xeral do aprendido no caso exposto, o pensamento crítico sobre o caso e a xustificación das intervencións e/ou respostas a través de bases documentais, normas e leis actuais.</p>	<p>5</p>
<p>Aprendizaxe colaborativa</p>	<p>A59 B2 B3 B5 B6 B15 B16 B24 C12 C3</p>	<p>A realización do traballo colaborativo é obrigatoria. Valorarase: adecuación ao guión solicitado, integración de coñecementos teóricos básicos na aplicación práctica, estilo e bibliografía.</p> <p>Sendo necesario un mínimo de 1 punto para superar esta actividade.</p>	<p>20</p>

Observacións avaliación



A asistencia ás sesións de atención personalizada formará parte da avaliación. O propósito é xerar no estudante unha autoevaluación xeral do aprendido, dos logros alcanzados, o desenvolvemento de competencias, así como unha reflexión crítica das necesidades de mellora do proceso de ensino. Prover ao alumno de retroalimentación específica das súas fortalezas e debilidades, de tal modo que poida aproveitar posibilidades e rectificar as deficiencias identificadas. Valorárase a capacidade de traballo de forma colaborativa dentro do grupo, a relación de axuda dentro do grupo e resolver problemas de forma efectiva, así coma outros aspectos que demostren o seu grado de excelencia e destacado coñecemento e interese por a materia. Terá unha cualificación do 5% (0,5 puntos)

Para superar esta materia o estudante debe superar cada unha das partes, aprendizaxe colaborativa, estudo de casos e proba objetiva.

A cualificación de non presentado: otorgarase a aqueles alumnos que non se presentan ao exame nin participan nas actividades programadas. Os/as alumnos/as que para rematar os seus estudos se acollan á convocatoria adiantada de Decembro, deben cumprir os mesmos requisitos que nas convocatorias ordinarias. Igualmente para os alumnos/as de "2ª oportunidade".

Para aqueles alumnos con matrícula a tempo parcial poderán optar a non acudir as actividades grupales do aprendizaxe colaborativo, pero deberán traballar nos casos programados (según a documentación do moodle) e presentalos de forma individual e presencial nas tutorías programadas.

Convocatorias de segunda e posteriores matrículas: Para aqueles alumnos/as que cursen a materia e realicen o traballo colaborativo coa cualificación de aprobado, poden volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só ao exame teórico final, tendo en conta que a cualificación do exame teórico fará media coa cualificación obtida no curso académico no que cursase o aprendizaxe colaborativo.

Os alumnos/as que non se presenten ao examen final terán a calificación de non presentado (N.P.). Neste caso se lles conservará a nota da actividade "aprendizaxe colaborativa" e "estudio de casos" para futuras convocatorias.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Francés et al (2015). DSM.V (Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales). . Barcelona: MASSON - Mejías Lizancos F. Serrano Parra M. D. (2000). Enfermería en Psiquiatría y salud mental. . Madrid: Piramide - O´Brien Kennedy Ballard (2000). Enfermería Psiquiátrica. México: Mc Graw - Hill
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicología/750G01003

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Farmacología/750G01011

Materias que continúan o temario

Estancias Clínicas I/750G01025

Estancias Clínicas II/750G01026

Estadías Clínicas III/750G01027

Estancias Clínicas IV/750G01028

Estancias Clínicas V/750G01029

Estancias Clínicas VI/750G01030

Estancias Clínicas VII/750G01031

Practicum/750G01032

Observacións



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías